

GRAMÁTICA: corrección de erros e mellora da sintaxe.

O exercicio consiste simplemente na detección e rectificación das grallas. **Non será preciso xustificares nada durante a proba.** Iso si, o estudo e razoamento na cabeciña antes de contestares axudarache a ser pertinente. Debes prestar atención aos seguintes aspectos estudados e repasados neste curso:

- pronomes persoais: colocación en éncise/próclise (segundo as normas) e elección *te/che* (contexto formal escrito)
- infinitivo conxugado: utilización nas expresións en que é posíbel (así concretas quen realiza a acción)
- castelanismos: eliminación deles e mudanza polo léxico preciso (ollo tamén cos verbos mal conxugados)
- dialectalismos: reforma estas expresións para adaptarte á norma escrita
- acentuación: atención á acentuación diacrítica e outras formas especiais
- ortografía: emenda a puntuación para facer máis entendíbel a oración, ademais de detectares grafías incorrectas
- linguaxe inclusiva: utilización dalgunha das formas de integración cando o suxeito é xenérico

- Che quero muito.
- Non gústame esto. Mo dices en serio?
- Por facer ben o boletín, recibirás una boa nota no examen.
- Díxente que andases pola calle e non pola carretera!
- Ao facer a compra, decatámonos de que non tiñamos deterxente nen lejía
- A miña parexa e do Deportivo da coruña.
- Ademais, cantos máis partidos gana máis vai a animar ao campo.
- Eres de unha vila ven bonita: Esteiro. Máis é certo que está algo lexos de aquí.
- Todos temos os mesmos dereitos a elixir os representantes na política.
- Vas a caer como non baixes de ahí.
- Entrei por a porta do colegio coma quen entra nunha pulpería.
- Andas a facéreslle a pelota ao profesor coa idea de aprobar a recuperación.
- Me contas os teus problemas?
- Os adxetivos e os sustantivos son tipos de palabras.
- Coido que tenho os pés mancados despois de tanto andares.
- Anque non dígasmo, vouo adiviñar.
- Sen embargo, Mackay sigue sendo o mellor porteiro da categoría.
- Andarmos toda a tarde do sábado foi o mellor que puidemos facermos após a noite da sexta feira.

SCL+LIT: marcaxe de afirmacións verdadeiras ou falsas.

5 enunciados por avaliación. **Tampouco debes xustificar nada sobre o papel.** Le varias veces a cuestión e relaciónaa coa teoría estudada tendo en conta datos e nomenclaturas, así como o sentido da mesma. As mensaxes versarán sobre os ámbitos tanto da lingua como da literatura nos seguintes ámbitos:

- Teoría dos estratos + Conceptos básicos de sociolingüística
 - Idade Media + Era Compostelá
 - Séculos Escuros + Ilustración
 - Provincialismo + Prerrexurdimento + Rexurdimento
-
- O xermánico é o principal adstrato do galego na actualidade.
 - A meirande parte da sintaxe galega procede da evolución da sintaxe celta.
 - O latín é o noso estrato e só nos deixou trazos específicos do idioma como a fonética.
 - A causa primixenia de que teñamos préstamos do castelán é a colonización lingüística.
 - Fernando III foi un dos primeiros monarcas de GZ que mandou redactar as leis nun idioma alleo.
 - Portugal independizouse oficialmente do Reino de Galiza en 1492.
 - Durante a Era Compostelá, a poboación galega era monolingüe.
 - As cantigas medievais recibiron influencia dos 'turistas' franceses.
 - Non gardamos ningún texto escrito en galego dos séculos escuros.
 - O Padre Sarmiento viviu durante o século XVI.
 - As loitas provincialistas animaron aos escritores do Prerrexurdimento.
 - Rosalía de Castro era unha autora misóxina.
 - Curros era un autor moi crítico co sistema político da súa época.
 - O reintegracionismo ten orixe no pasado común galego-portugués.

TEXTO ARGUMENTATIVO: redacción dun texto no que expreses a túa opinión sobre un tema de actualidade

Este é o apartado no que debes demostrar que sabes escribir un texto formal con xeito. Arredor de **250 palabras** nas que debes coidar:

- estrutura: tese (un parágrafo no que incluíras unha introdución atractiva ademais do teu posicionamento a favor ou en contra da pregunta) + argumentación (2-3 parágrafos nos que razoes a túa idea principal e a defendas con argumentos e contraargumentos) + conclusión (1 parágrafo no que deberás ser elocuente e facer un chamamento para que pensem coma ti)
- orixinalidade na exposición e control do tema
- corrección lingüística e ortográfica

Exemplos de temas sobre os que poderías ter que reflexionar por escrito...

- debe existir idade mínima para votar nas eleccións?
- vacacións na praia ou na montaña?
- minas si ou non?
- orquestras ou concertos para as festas?
- demostran os exames o noso rendemento académico real?
- deben os ricos pagar máis impostos cá xente con menos recursos?
- prohibición de entrar os coches nos centros das cidades: si ou non?